

LUSCOFUSCO

CEIP.
JOPE
DE
VEGA



Curso 2015-2016

Nº 9

LIMIAR:

Un ano máis estamos ante as portas dun fin de curso presentándovos a revista Luscofusco que xa vai polo número 9. Unha revista feita con coidado e agarimo para todos-as vós. Un curso cheo de acontecementos que tiveron como escenario o colexio e outros espazos: auditorios, museos, parques, paseos,...onde os protagonistas foron os alumnos e alumnas do Centro. É difícil plasmar nunha revista todo canto sentimos, vivimos e aprendemos cada día na escola, pero esperamos que con esta mostra lembredes as anécdotas ocorridas neste curso 2015-2016.

Tedes algún dos moitos traballos que realizaron con ilusión e entusiasmo. Todas as actividades feitas son importantes e especiais, pero hai algunhas que levan unha ración enorme de emotividade e deixan nos nenos-as unha pegada valiosa. Os papaventos pola paz, os xogos populares para festexar o magosto, os ensaios dos festivais, o interteatro, os apadriñamentos lectores, os cantos aos maios,...As fotografías deixan conxelados momentos de troula e festa no colexio.

Este curso tivemos a xubilación de Jose Luis, o orientador. Despedimos tamén a Santi, o porteiro. Desexámoslles sorte na nova etapa das súas vidas.



Con moito cariño despedimos aos nenos e nenas de 6º de Primaria. Moita sorte na nova andaina!



Damos as grazas a todas as persoas e entidades que colaboran co colexio: pais e nais, ANPA, monitores-as, Concello, clubs deportivos etc. Sen a vosa axuda nada sería posible.

Aproveitamos para comunicar que podedes ver as nosas comunicacións na páxina web, :

<http://centros.edu.xunta.es/ceiopedevega/>

Tamén podedes seguir as nosas actividades nos distintos blogues de aula, aos que podedes entrar dende a nosa web ou directamente nos seguintes enderezos:

<http://cursobibliotecasb.blogspot.com.es/>

<http://vigolopetic.blogspot.com.es/>

<http://lopedeblogue.blogspot.com.es/>

<http://primariamjess.blogspot.com.es/>

<http://cuantotrabajamosenprimaria.blogspot.com.es/>

E seguir as nosas **publicacións dixitais** en:

<http://issuu.com/dinalingualope>

Esperemos que disfrutedes da revista.

Unha aperta e Feliz verán!

Vigo, xuño de 2016

ÍNDICE

“Cousas que facemos na escola”

- .- O meu cuarto 1ºA
- .- O carro 1ºB
- .- Poemiña para namorar 1ºC
- .- O soñador 2ºA
- .- Os de segundo rimamos...2ºC
- .- Dicionario 3ºC
- .- Os nosos traballos 4º
- .- 6ºA Ed. Infantil
- .- Interteatro 6ºB E.I
- .- As letras en 5ºC
- .- Coidamos a horta 4º E.I.
- .- Os maios
- .- PELO en Infantil
- .- Xogamos co nome 5ºB E.I
- .- Proxectos eléctricos 6º
- .- As chapas 5ºA E.I.

“Achegas dos alumnos”

- .- Magosto 2015 6ºA
- .- Bandas deseñadas
- .- Traballamos o mar 5ºB
- .- Unha viaxe a San Simón 3º

“Festas e celebracións”


- .- Samaín.
- .- O Magosto e os xogos populares.
- .- Festival de Nadal.
- .- Día da Paz.
- .- Entroido.
- .- Día do Libro.
- .- Festival das Letras Galegas.

“Saídas e visitas”

- .- Museo Etnográfico Liste.
- .- Visita de Leticia Costas.
- .- Saídas 3º Primaria.
- .- Saídas 4º Primaria
- .- Interteatro

Cousas que facemos na escola

O meu quarto 1ºA




O carro 1ºB



Teño un carrizo cantor
 Teño un carro cantareiro
 ¡Con fregueiros afilados
 e con eixo de madeira!
 O meu carro canta ben,
 non pode cantar mellor,
 ¡Meu carrizo cantareiro,
 meu carrizo cantador.
 O meu carro canta tanta
 nunca cansa de cantar
 ¡De día cantalle ao sol,
 de noite canta ao luar! ¡

Poemiña para namorar 1ºC



Poemiña para namorar rosa



A rosa rosina
está na roseira
moi coloradiña
feliz e riseira.



A rosa rosada
de tanto lacer
a mesma alborada
a pode ferir.



A rosa rosina
está no rosal:
¿ti queres ser miña
rosina lanzal?



O soñador 2ºA

O Soñador

Quixera ser marxeiro
 pra me engulir de farinha.
 Levada branca e pucha
 non cobrada a maquia!

Eu quixera ser ferriteiro
 e o ferro ardente focar.
 Un martelo nunha man
 pelaría sen parar!

Quixera ser marxeiro,
 marxeiro e pescador:
 tería un barco beloso
 e unha dexpa con motor!

Quixera ser fogueteiro
 e, nas festas patronais,
 tirar foguetes/foguetes
 de estalos fenomenais...!



Adriana 2ºA

E se eu fosse cantores
 faria um parvo sem igual:
 o pombo havia de ser
 o saloá mais principal!

Mas sou um pobre gasteiro,
 mais sou um gateiro pobre
 Queimame o sol no agosto;
 molhamme a chieira, se chove!

Um pobre gateiro eu sou,
 pequeniño e poñador.
 Fico por mestre de música
 O medo máis cantador!




Os de segundo rimamos 2ºC

OS DE SEGUNDO RIMAMOS E ASÍ NOS PRESENTAMOS



San Pabla
e poño un cravo.

Eu son Mateo
o parvuliño goç.




Eu son África
Oliveira e teño
unha herba.



Eu chámome Marcos
e teño un gato.

Eu son Candela e teño
unha mochila amarela.





Eu chámome
Araam e tomo
un cano.



Eu son Uxía e son
amiga de Lucía.




Eu chámome Gabriel
e fago un pastel.



Son IKER e gústame
moito os ticket.



Eu chámome
Ricardo e meo
un dado.



Diccionario 3^oC

DICIONARIO

Este diccionario foi elaborado pol@s alumn@s de 3^o C para axudar na lectura do libro “O CABALIÑO DE BUXO” de Xosé Neira Vilas (1928-2015).

Esperamos que vos sexa útil!!!

A

Aburar: Queimar, abrasar.

Adoecido: De adoecer: Rabiarse, adquirir a enfermidade da rabia ou hidrofobia.

Agra, Agro: Conxunto de terras de labor. Terreo cultivado ou cultivable.

Alborexar: Amanecer, empezar o día.

Ameneiro: Árbore pertencente á familia das betuláceas, que medra nas marxes dos ríos e nos lugares húmidos.

Amorote, Morote: Froito da moroteira, tamén denominado morango.

Alquitara: Alambique. Aparello para a destilación de líquidos

Andaina: Camiño longo que dá moito que andar.

Andrómena: Mentira, trola, conto, leria, chisme, murmuración...

Anllar: Lugar próximo á lareira, onde se garda a leña para o lume.

Arreo: Continuamente, sen interrupción.

Arrolar, Arrolábanse, Arrolado: Balancear coidadosamente o neno no berce para que adormeza.

Aturuxo: Berro agudo e prolongado que se emite cando se vai de farra cos amigos.

Axóuxere: Bola de metal oca que ten unhas boliñas dentro para que soe.

B

Bacelo: Ceba

Baduar:1. Falar por falar, dicir parvadas 2.Facer barullo

Bagazo: Cápsula de baga. Residuo de algúns froitos pisados e espremidos coma o da uva.

Batel: de Bater: Golpear.

Berce: Leito dos nenos.

Borra: sedimento, residuos que deixa o viño e outros líquidos.

Bufarra, Bufarda:Pequena abertura na parede ou no teito dunha casa para dar luz, para ventilar ou para saír ao tellado.

Buxo: Arbusto de folla perenne de madeira moi dura e compacta.

C

Cachopa: Parte do tronco da árbore coa raíz que queda debaixo da terra despois de cortada aquela.

Cadanseu: Un para cada un.

Caluga: Parte superior do pescozo.

Caniza: Lateral do carro para termar da carga.

Cativo,Cativas: Pequeno, de escasa estatura.

Cedo: Nas primeiras horas do día ou da noite.

Chos: Resultado da contracción do pronome de solidariedade “che” máis “os”

Chota: Pau grosa e pequeno.

Choutar: Brincar de ledicia os cuxos, cabritos, ños e outros animais novos. Saltar.

Codesos: Arbusto semellante ás xestas que nace en lugares a monte.

Coto: Parte que queda na terra despois de cortar un pé de calquera planta.

Cuada: Golpe no cu ao caer.

D

De cote: Continuamente, sempre, sen interrupción, a cotío.

Degaro: Cobiza, desexo fervente.

Depenicar: 1. Arrincar algo coa boca 2. Comer algo aos poucos e a bocadiños.

Deprender: Adquirir o coñecemento dalgunha cousa.

E

Eito: Labor, traballo que se fai nos campos sen parar ata rematalo.

Enchenta: 1. Abundancia, fartura 2. Inundación.

Encrechar: Facer rizos no pelo.

Engaiolar: 1. Meter nunha gaiola 2. Embobar, extasiar.

Enlarafuzar: Encher de manchas.

Ennader: Engadir, añadir.

Enzoufado: Untar, embadurnar.

Esfachicarse: Lanzar unha cousa contra outra para que unha quede esnaquizada.

Espelido: Listo, esperto.

Esteo: Columna, estaca.

Estornela: Xoguete infantil consistente nunha vara con aspas no extremo que vira coma as de un muiño de vento.

F

Fachenda: Arrogancia.

Farragús: Home de complexión feble.

Fazulas: Cada unha das partes da cara que forman un avultamento debaixo dos ollos.

Feituco: Participio irregular do verbo facer.

Fite,en: Fixamente.

Fochada: Fochanca: Depresión no terreo de moita extensión.

Foliada: Festas, bailes ou diversións populares que se celebran pola noite.

Foncho: Cheo de orgullo ou vaidade.

Frangulla: Faragulla: Anaco pequeno que se solta do pan ou doutros alimentos feitos con fariña, coma as galletas ou os doces.

Freixo: Árbore oleácea, ramosa e corpulenta de follas e casca purgantes e madeira branca e flexible.

Furabolos: Dedo índice, que está entre o polgar e o corazón.

G

Garabullo:Anaco de madeira pequeno, delgado e seco, particularmente a punta dunha póla que se utiliza sobre todo para prender lume.

Guichola: Finca pequena.

Grade: Aveño de labranza que consiste nun bastidor de madeira formado por traveseiros con dentes que efectúan a labor de achanzar a terra despois da labra.

H

Habelencioso: Dise da persoa que ten habelencia.

I

Irtio: Moi agudo, chillón.

L

Lóstrego: Resplandor vivísimo e súbito.

M

Monifate: Monicreque.

Morno: Nin quente nin frío, temperado, tépedo.

O

Outear: Curiosear, fisgonear.

P

Parrumeira: Parte que vai dende o chan da lareira ata a parte baixa da cheminea na cociña tradicional, onde se acumula a feluxe.

Peneco: Peneque: Borracho.

Picho:1. Cano dunha fonte, por onde sae a auga 2.Bico dun recipiente por onde verte o líquido.

Pinchecarneiro: Pinchacarneiro: Volta que se da poñendo a cabeza no chan e tirándose logo de lombo.

Q

Querquenas: Corpo dobrado, de xeito que as nádegas descansan nos calcañares.

R

Retrinco: Cada un dos anacos que sobran dunha cousa despois de cortala.

S

Silabario: Libro para aprender a ler que contén palabras divididas e sílabas soltas.

Soleira: Peza de pedra ou doutro material colocada no oco inferior dunha porta ou ventá.

T

Tallo: Banquiño, asento de madeira.

Tecer: Facer teas ou tecidos entrelazando fíos.

Teima: Insistencia terca, porfía.

Toleira, Toleirán: Loucura, tolemia.

Treu, a: Sen reparo, sen medida.

Turututú: Xoguetiño, chilindrada.

V

Voandeiro: Voador

X

Xiada: Xeada: Estado da temperatura cando baixa de cero graos e provoca a conxelación da auga.

Xostra: Vara delgada para tanguer o gado miúdo.

Z

Zarrallar: Traballar de cerralleiro

Os nosos traballos

Este ano en **cuarto** ademais de traballar de modo individual comezamos a realizar actividades de xeito cooperativo Este é o resultado.

O camiño de Santiago


Os alumnos/as de cuarto estivemos traballando os distintos itinerarios que percorren os peregrinos para chegar á catedral de Santiago de Compostela.

Formamos grupos e cada un escolleu unha ruta diferente para explicar.

Primeiro trazamos a ruta e sinalamos as cidades importantes polas que pasaban nomeando monumentos, pratos típicos ...

Por último expuxémolo diante dos nosos compañeiros/as.





Poemas en colaxe



Eliximos un poema co que creamos un colaxe, e este foi o resultado.



6ºA Ed. Infantil

Aos nenos e nenas de 6º A EI

Gustamos moito

Participar nas festividades



Visitar Museos e realizar
Actividades relacionadas



E jogar dos bombeiros




Interteatro 6ºB E.I.

UNA AVO MÁIS O
NOSO CENTRO PARTICI-
PA NAS XORNADAS
DE INTERTEATRO.




ESTE ANO PARTICIPAMOS
OS MAIS PEQUENOS DO
COLEXIO COA OBRA
"PACO PAPAN"
IVALENTE S. ACTORES
E ACTRICES!



As letras en 5^oC

Manuel María Fernández Teixeira



Biografía:
 Manuel María Fernández Teixeira naceu en 1929 no P. de A. e morreu en 2004 o día 8 de setembro aos 75 anos. Naceu en Calvo de Rei na parroquia de Terra del. Publicou os primeiros poemas e poemas de bretemas.

- 1950: Cancións de bretemas.
- 1952: Mórrese a cada unha.
- 1954: Terra Cha.
- 1954: Adverbo.
- 1957: Auto de bretemas, 4 vozes.
- 1958: Documentos persoais.
- 1960: Sermón para dicir en calquera tempo.
- 1961: Auto do librogo.
- 1962: Libro de pragas.
- 1962: Contos en castelán, galego e outras prosas.
- 1963: Har Har.
- 1964: A poesía galega de César Emilio Teixeira.
- 1965: As augas van caudalós.
- 1966: Os alegres.
- 1977: Raimon: poeira de novo tempo.

♥ (Primeiras obras de Manuel María)

Manuel María Fernández Teixeira (1929-2004)


PEIXES




Peixes, fermanos aves que habitan nas zonas subacuáticas, no frogo de corais, algas e algas e tenden o mar para navegar libre e tranquilamente lembrados as mencións de abril e os amarecos solpores do cubro desangrándose en corais melancólicos? Quero andar con voés, saber de fluxos, refluxos, mareas, correntes, camiñar a voso país maravilloso, ollar con alma as súas paisaxes e espantados no fondo dos mares ollar, sentir o rumor dos ventos submarinos agarrando e frotando a miña pel. E desprender o adorna que fubidos para poder entender a voés cantos.

A los resaca (1984)

Fernández **Teixeiro**

♥ (Primeiras obras de Manuel María)





Coidamos a horta 4º E.I.


Os nenos e nenas de 4º de Infantil metemos sementes de leitugas, acelgas e chícharos nos sementeiros cheos de terra. Regámolos e puxémolas ao sol. Logo cando saíron as plantas da terra, trasplantámolas a horta que estaba ao sol e a chuvia.



Cando necesitaba auga regábamos e así as plantas foron crescendo ata estar listas para comer.



Tamén plantamos remolachas e amorodos. As remolachas crecen debaixo da terra e os amorodos saen das flores da planta.



Os maios

Coma todos os anos, coa chegada da primavera, celebramos a FESTA DOS MAIOS no cole. Os nenos e nenas de Educación Infantil trouxeron flores, xestas, fiúncos, ovos e froitas para construír o MAIO e poñelo despois no patio onde todos o poideron ver e cantarlle as coplas que fixemos na clase.

Todos xuntos aprendemos e cantamos una copliña que dí así:

*“OS NENOS DO LOPE
IMOS A FACER,
UN MAIO COAS FLORES
QUE FOMOS A COLLER”*



PELO en Ed. Infantil

O Programa de Estimulación da Linguaxe Oral ten como obxectivo o desenvolvemento da linguaxe e a prevención das dificultades. Adócese a este programa dúas sesións semanais de 25 minutos. Durante as sesións fanse actividades dinamizadoras e lúdicas para o desenvolvemento da linguaxe e dos procesos cognitivos dos nenos e nenas .



Xogamos co nome 5ºB E.I



ESTAMOS APRENDENDO A POÑER OS NÓS
 NOMES EN DISTINTOS SOPORTES.....HOXE TOCOU
 PLASTILINA!!



Proxecto eléctrico 6º E.P

Despois de rematar o tema os nenos e nenas de Sexto de primaria están encantados de facer estes traballos de electricidade, e finalizar o curso con esta maravillosa actividade.



As chapas 5ºA E.I



Coa chegada do bo tempo, os nenos e as nenas de 5º de Educación Infantil A están a traballar os **xogos populares**, concretamente estamos aprendendo diferentes formas de xogar “AS CHAPAS”.





Achegas dos alumn@s

Magosto 2015 6ºA

Magosto

2015



Este magosto foi especial; queres que che conte por qué?:

Ali vou:

Foi un día especial porque foi o meu último magosto no colexio e, ademais... Estiven de monitor no xogo da " A Rá", o que só podes selo en sexto; que é un xogo no que ai unha liña no chan donde ti tes que situarte, e dende ai tes que intetan encestar as castañas na boca dunha das rás; as dúas de abaixo valían quince puntos e a de enriba valía vinte puntos.O xogo é máis divertido cando xogamos e non cando somos monitores porque...os nenos non te fan caso...,dante coas castañas...,danche gañas de xogar...e sobre todo...os nenos cómense as castañas do chan!

Logo no recreo estivemos varios de clase de sexto (A) nun curruncho do patio comendo as castañas todos xuntos, pero logo chegaron as de sexto (B)

porque dicían que era a esquiña de sexto (B) e enfadáronse con nós. O resto do patio paseino bastante mal se vos digo a verdade, por motivos que non vou contar, e por eses motivos estiven logo chorando na clase. Eses motivos só os saben as persóas nas que podo confiar, e estiven falando coa profe (Montse) coa compañía de: Rodri e Xaco do que me pasaba. E do resto bastante ben.

Xa vos contei polo que foi un magosto especial, espero que vos gustara; Asta outra!

O Magosto

Este ano no magosto paseino moi ben, porque a min gústame moito o magosto, as castañas e estar cos meus amigos.

Ben, este ano fomos os monitores dos xogos, e a Nerea, a María, a Alexandra e a min tocounos xuntas nos aros musicais, que consiste en poñer música e bailar, se a música para, tes que meterte nun aro, se quedas sen aro, eliminado ☹. Íamos cunhas medallas moi bonitas que fixéramos o día anterior.

Despois case toda a clase comemos as castañas no patio.

Máis tarde Alexandra, Uxía e máis eu pintámonos a cara con cinza.

E despois marchamos a casa.

Elvira Álvarez

Ben

Bandas deseñadas



EL OSO PANDA

Un día, en lo más profundo de la selva de China, nació un oso panda llamado Kuma



Kuma le gustaba muchísimo el bambú el decía que era el oso al que más le gustaba

Kuma, por la tarde siempre jugaba con su amiga Kami. Se lo pasaban muy bien jugando al escondite



¡Bambú!
¡Rico bambú!



1, 2, 3,
4, 5...

¡Je, je

Kuma y Kami se enamoraron


Y se escaparon a un zoo




ZOO


Kuma Kami







AS PLANTAS





Traballamos o Mar 5ºB



O mar é un neno,
 travieso, pintor
 xoga coas ondas,
 pinta o amor,
 A súa brisa,
 penetra,
 No teu corazón.

O mar




O mar é un abanico,
 Un abanico que sente,
 que gita coas súas faldas
 para que os demais se enteren.

O mar tamén é cariñoso,
 as veces nos quere abrazar,
 e cando lle abrazamos
 él pide axuda do outro mar.

O mar será o que sexa,
 o que sexa a de ser,
 pero o mar con cariño
 sempre nos vai sorprenden.



Unha viaxe a San Simón 3º



"Un viaje por la Ría de Vigo"

Salimos del cole, fuimos en autobús del cole hasta el puerto. Al llegar al puerto vimos

al barco más grande del mundo: "Harmony of the Seas", viajaban: ingleses, franceses, chinos etc... Nos hicieron fotos, llegó el barco donde nos íbamos a ir y fuimos en la parte de arriba.

Durante el camino vimos el puente de Rande y nos dijeron que si a guantábamos la respiración daba buena suerte.

Llegamos a la primera parada Museo "O Meirande" en Rande; allí nos paramos a merendar 5 minutos.

Después entramos en el Museo "O Meirande", allí vimos muchas cosas interesantes como: cañones, barcos, el traje de un pirata, un telescopio y muchas mapas.

Nos fuimos en barco pero esta vez a la isla de San Simón.

Allí había una chica que era nuestra guía. Nos enseñó la historia de los antepasados de la Isla de San Simón.


Caminamos hasta la isla de San Antonio que estaba al lado de la Isla de San Simón.



Los guías nos hicieron una busqueda del tesoro, íbamos por parejas, dentro del tesoro había monedas

de chocolate, y las lanzaron las profes para que las cogiéramos.


Volvimos en barco hacia el puerto; del puerto fuimos en bus al cole, y así acaba la excursión.

Nos lo pasamos genial.









Festas e celebracións

Samáin







Magosto e xogos populares





Festival de Nadal







Día da Paz







Entroido



Cos mandados do Meco os alumn@s e mestres-as comezamos a semana do entroido. Cada día levamos unha prenda obedecendo as ordes do Meco, e quentando motores para o venres de troula. Este ano, como novidade fixemos, un pasarúas acompañados de todas as familias. Nenos e nenas ían ataviados con disfraces relacionados con personaxes de contos ou películas. Cargados con chifres, pandeiros, maracas e outros instrumentos despertamos aos vecinos-as do barrio. Despois do pasarúas tivemos unhas horas de baile e os máis pequenos remataron a xornada cunha merenda típica do entroido.

















ç









Día do Libro



Festival das Letras Galegas





Saídas e visitas

Museo Etnográfico Liste 2 B

OS NENOS/AS DE 2º B SAÍMOS DE VISITA...

MUSEO ETNOGRÁFICO LISTE .VIGO. 17/12/2015



O museo Liste acolle unha colección de máis de 2000 pezas da cultura galega. Ten distintas salas temáticas na que podemos ver moitos tipos de obxectos típicos da nosa terra.

Atopamos divertidos trasnos, son ananos saltaríns de pel morena. Actúan pola noite dentro das casas gastando bromas pesadas, tirar os pratos, facer ruído no faiado...



Os trasnos



A rolla

A rolla, tecida con palla de centeo, tiña o tamaño que cumpría para tapala cesta da roupa de liño. Era como unha lavadora.



Os xugos

Traballaban na madeira para elaborar ferramentas agrícolas como os xugos, útiles para o gardado vacún

ferramentas agrícolas como os xugos, útiles para o gardado vacún

Os barrís son recipientes para gardar e conservar o viño.



Os barrís

Xorden a partires dun tronco escavado de castiñeiros.



O carro

A roda do carro dependía da carga a transportar e do terreo por onde pasaba



O velorio

O ceteiro contaba cun espazo habilitado na súa propia casa no que se gardaban todos os trebellos necesarios para a fabricación das candeas.

Tamén estaba exposta unha colección de zocas nunha parede do museo. En Galicia, tradicionalmente; con madeira de bidueiro. Son saudables para os pés, é un calzado protedor no campo.

VISITADE O MUSEO LISTE DE VIGO!



Visita de Ledicia Costas



**O MEU DÍA
CON LEDICIA
COSTAS!!!**

VEU AO MEU COLEXIO LEDICIA COSTAS!!!



Que viñera Leticia Costas ao lope foi unha boa experiencia, xa que é moi boa persoa e tamén moi amigable.

Contounos historias moi divertidas de cando era nena. Como a de que cando era pequena a súa avoa meteu ao gato na lavadora entre a roupa, pero dicía que non o vera. Despois díxonos que cantáramos o estribillo do rap de Amanito. O rap era; "Os esbirros do Amanito son funguiños do montón, uns defuntos aburrídos que non mostran emocións. Amaniiiiito! Yeah, yeah. Amaniiiiito!

Yeah, yeah. "Estes fungos do inframundo teñen cara de papóns, van vestidos coma presos, son defuntos do montón"

E despois chegou o momento de que nos firmara os libros. A cada un poñíalle unha rima ou unha dedicatoria. E ata aquí o noso día con Leticia Costas!!!

Saídas 3 Primaria

O luns día 9 de novembro os alumnos de 3º e 4º de Primaria fomos de excursión a Afundación. Foi moi divertido. Fomos en autobús ata a rúa García Barbón ver a obra de teatro “Unha nana para soldados”. A obra contaba a historia de dous soldados e una muller embarazada. Ao rematar volvemos ao colexio.

Vítor Rodríguez Mosquera

UNHA NANA PARA DOUS SOLDADOS

Na primeira escena aparece un soldado cunha escopeta, una mochila, unha cantimplora e una gaiola cunha galiña. Entón apareceu una muller cun paraugas... Pero o soldado non a viu. El sentouse a beber e ela volveu pasar por detrás del sen que se percatase.

Máis tarde apareceu outro soldado. Os dous querían conquistar unhas ruínas e comezaron a loitar entre eles.

Volveu entrar a muller en escena e comezou a limpar a casa ruínosa.

O primeiro soldado viuna e preguntoulle se era amiga ou inimiga, pero ela, sen facerlle caso colleu un pano que tiña no seu peto e usouno de mantel.

Mentres tanto os soldados seguiron loitando, pero antes dividiron cunha corda a casa ruínosa en dúas partes. Comezaron a trepar polos muros da casa para coroar a cima coas súas bandeiras.

Apareceu de novo a muller e o primeiro soldado repetiu a pregunta. Ela non contestou. O segundo soldado preguntoulle o seu nome e ela díxolle que se chamaba Aurora.

Aurora colleu as dúas bandeiras; una, usouna como pano e outra de mantel. Ofreceulles té con pastas e eles aceptaron. Os tres comezaron a comer, despois como aínda tiñan fame, Aurora fixo una tortilla de patacas usando un ovo da galiña do soldado.


Caíu a noite e tiveron una idea de cómo facer una cama: colleron una almofada, una manta e un colchón. Deitáronse e Aurora comezou a cantar una nana. O tres quedaron durmidos.

Pola mañá os soldados decatáronse de que Aurora non estaba e aparecera un bebé na cama.

Decidiron coidalo e os dous comezaron a berrar por Aurora.

Pasado un rato apareceu e levou aos dous soldados e ao bebé no seu globo aerostático cantando a mesma nana.

Claudia Romero Caride



Robots

Os nenos e nenas de 3º fomos ver "Robots" o 2 de febreiro ao Cine Salesianos. Esta película lembranos que as cousas velhas se poden reciclar e formar cousas novas. Tamén é unha película de amizade



Título: Robots

Dirección: Carlos Saldanha, Chris Wedge

País: Estados Unidos

Año: 2005

Fecha de estreno: 18/03/2005

Duración: 91 min

Género: Comedia, Familiar, Animación, Aventuras, Ciencia ficción


Reparto: Paula Abdul, Halle Berry, Lucille Bliss, Terry Bradshaw, Jim Broadbent, Mel Brooks, Amanda Bynes, Drew Carey, Jennifer Coolidge, Dylan Denton

Argumento

Esta é a historia de Rodney Hojalat que é un robot que quería ser inventor. Quería coñecer a o Gran Soldador. Entón foi a Ciudad Robot. Ali descubriu

que o Gran Soldador fora substituído por Ratchet e "mamá". Ratchet tiña malas intencións como: destruír os vellos robots e cambialos por novas actualizacións e non facer mais recambios. Entón Rodney Hojalata atopouse con Marivela. E Rodney Hojalata e os amigos de Marivela foron a destruír a Ratchet e mamá, E despois de moito loitar conseguiron vencer. Voltaron ao pobo de Rodney e alí fixeron unha gran festa

Laura, Julia, Candela e Sara 3ºB



Saídas de 4º

Os nenos/as de cuarto do C.E.I.P Lope de Vega, ao longo deste curso realizamos varias actividades didácticas

Dobraxe na escola

Participamos na actividade lúdico educativa "*Dobraxe na Escola*" onde os actores Suso Pando e Manuel Pombal fixeron un xogo moi divertido "*Tucho Raquetucho*" e despois nós ensaiamos un fragmento de Bob Esponxa.





Naturnova

En febreiro fomos a **NATURNOVA**, un mundo repleto de curiosidades adicadas ao medio ambiente. Descubrimos o universo, o noso planeta e os seres vivos.



Apópolis

En abril fomos a Apópolis , unha granxa de abellas .Alí aprendemos moito .Ensináronnos os distintos tipos de mel ,o pole , o própole...Nós vestímonos de apicultores .Probamos o mel e fixemos unha candeia .



Cine


Tamén fomos ao cine ver **Robots** onde Rodney é un mozo inventor que soña con facer do mundo un lugar mellor. E **Del revés** onde cinco emocións están traballando lideradas por Alegría que se esforza para que Riley sexa feliz



xunto aos seus amigos Medo,Ira,Noxo e Tristeza.

Interteatro





Esta revista foi editada polo
Equipo de Dinamización da Lingua Galega
do C.E.I.P. LOPE DE VEGA
Vigo

Xuño de 2016